

MAR/ABRIL2020 LINGUA GALEGA E LIT. 1º ESO / 2º ESO

O alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS) na materia de Lingua Galega e Literatura, tanto de 1º de ESO como de 2º de ESO deberá realizar as actividades do seu caderno de traballo.

Deberán distribuír o traballo en función do número de horas semanas que teñen desta área: catro horas semanais en 1º de ESO e tres horas en 2º de ESO. Polo tanto, as actividades que deben facer quedan do seguinte xeito:

1º ESO:

- Unha páxina de exercicios por día (é dicir, tres días), coa correspondente lectura e comprensión da unidade. Exemplo: lectura das páxinas 98-97 e actividades relacionadas con esa lectura (todas as da páxina 100); lectura das páxinas 101-102 e actividades (páxina 103).
- Unha hora de lectura semanal, en lingua galega (primeiro en silencio e logo en voz alta, atendendo ben á modulación da voz, entoación, pausas...) e resumo do que acaba de lerse (tamén ben ordenado, atendendo ás pausas e á corrección no uso do vocabulario, ortografía...).

2º ESO:

- Unha páxina de exercicios por día (tres días á semana) coa correspondente lectura e comprensión da unidade. Exemplo: ler comprensivamente a lectura coa que se inicia cada unidade e realizar as todas as actividades da páxina seguinte; ler a unidade relativa á “Gramática” e facer todas as actividades da páxina seguinte.
- Recoméndase que o alumnado adique tempo a ler libros, fragmentos de textos, lecturas doutros cadernos... en lingua galega, primeiro en silencio e despois en voz alta (primeiro en silencio e logo en voz alta, atendendo ben á modulación da voz, entoación, pausas...) e resumo do que acaba de ler (tamén ben ordenado, atendendo ás pausas e á corrección no uso do vocabulario, ortografía...).

SUSANA GUERRA RUBAL

LINGUA GALEGA E LITERATURA